

O ensino primario en Ourense (1904)

Antón Costa Rico

Narciso de Gabriel

Universidades de Santiago e da Coruña

As memorias dos inspectores de ensino primario constitúen unha importante fonte para a investigación histórica. As testemuñas que nos fornecen estes funcionarios resultan de especial interese debido á súa capacitación pedagóxica, ao coñecemento das escolas que tiñan baixo a súa tutela, acadado mediante visitas ordinarias e extraordinarias, e ao feito de estaren, en principio, por enriba das intrigas e intereses propios de cada localidade.

Unha vez visitadas as escolas dunha determinada comarca, os inspectores adoitaban redactar unha memoria informando sobre a situación observada. Presentamos aquí a elaborada polo inspector ourensán Salvador de Juan y Posoda en 1904, que fai referencia a dez concellos, os de San Cibrao, Arnoia, Cortegada, Melón, Taboadela, Esgos, Maceda, Cea, Piñor e Toén.

Esta memoria consta de doce apartados, nos que se revisan os principais problemas que afectaban ao ensino primario e propóñense algunhas medidas para a súa solución. As observacións que nela se conteñen poderían facerse extensivas, con pequenas matizacións, ao resto da provincia de Ourense, e mesmo ao conxunto de Galicia, polo menos no que respecta ao medio rural.

O primeiro que reclama a nosa atención é a continuidade entre a situación escolar decimonónica e a que se observa a comezos do século XX. Este texto podería ser subscrito, con moi escasas modificacións, por un inspector de mediados do século XIX. De feito contamos con memorias desa época que case non difiren da que aquí se reproduce.

A situación escolar rexistrada polo inspector ourensán remite aos seguintes problemas básicos:

a) *Deficiencias infraestructurais*. As escolas situábanse en locais que non reunían as condicións necesarias para a práctica do ensino. Dos 61 visitados, só se calificaban como bos 17, mentres que os malos ascendían a 23 e os regulares a 21. E se os locais non resultaban axeitados, outro tanto sucedía con boa parte do material, que estaba absolutamente desfasado verbo das esixencias pedagóxicas da época.

Polo demais, unicamente a metade dos mestres dispuñan da casa-habitación á que tiñan dereito segundo a lexislación vixente, o que servía como xustificación para que algúns abandoasen o seu destino, e dificultaba a implantación das clases nocturnas de adultos, ao teren que residir os profesores nunha poboación diferente daquela na que se localizada a escola.

b) *Ineficacia da Administración escolar*. Malia as reformas realizadas, as Xuntas locais de ensino primario, derradeiro elo da administración escolar, seguían a ser tan pouco operativas como no XIX, propoñendo o inspector a súa supresión. Non cumprían as obrigas legais que tiñan encomendadas, e a miúdo mesmo se convertían nun atranco para o bo funcionamento do ensino. Sometidas á dinámica e aos vaivéns da política local, ás presións dos distintos bandos, e “entregadas ás iniciativas dos Secretarios”, adoptaban decisións que excedían o seu marco competencial, como o traslado de escolas, que moitas veces obedecía á pretensión de favorecer aos “amigos políticos”.

c) *Precaria profesionalización do maxisterio*. A reducida capacitación cultural e pedagóxica dos mestres, que nalgún caso carecían de estudos profesionais, reducíndose a súa habilitación a un simple certificado de aptitude; o abandono en que moitos tiñan as súas escolas, deixándoa en mans dun substituto sen a debida autorización; e as presións ás que se vían sometidos no exercicio da súa función docente, son factores que poñen de manifesto o baixo perfil profesional que ofrece o oficio de mestre por estas datas.

Nas súas conclusións, o inspector propón que os mestres en exercicio que non posúan máis que un certificado de aptitude, denominados *incompletos*, sexan xubilados ao cumpriren os sesenta anos, e que no futuro só se permita exercer aos que dispoñan de título profesional: “O mestre, non por pertencer a humilde clase merece menos respecto que os demais; e así como á ninguén lle é permitido exercer de avogado nin de notario, nin de médico sen posuír o título respectivo, tampouco debera permitirse que exerceran funcións de mestre os que non se achen adornados deste honroso título.”

O abandono do ensino podía ser parcial ou total. No primeiro caso, o mestre encargábase persoalmente da escola, pero compaxinaba esta ocupación con outras (labrego, comerciante, artesán, crego, empregado do concello, etcétera), polo que non cumpría debidamente co calendario e horarios estipulados. A pluralidade de ocupacións, que se daba sobre todo no caso dos homes, xustificábase ás máis das veces polos reducidos salarios que tiñan asignados na súa condición de mestres, e algúns inspectores admitíana sempre que non prexudicase gravemente ao ensino. No segundo caso, pola contra, os mestres esquecíanse da escola, que deixaban en mans dun substituto ilegal, ao que entregaban unha parte do salario, embolsándose o resto. Este abandono total podía obedecer ao exercicio doutras profesións ou á dificultade de aclimatare no lugar de destino, dominando a primeira motivación entre os homes e a segunda nas mulleres. As mestras procedentes das clases medias urbanas adoitaban teren dificultades para adaptarse nas escolas do medio rural, polo que algunhas tomaban posesión do seu destino e confíabano inmediateamente a un substituto, contraendo mentres tanto uns méritos que lles permitisen optar no futuro a unha localidade do seu interese.

Agora ben, tanto nun como noutro caso, as escolas só se podían abandonar contando coa complicidade das autoridades locais. Estas consentían moitas veces o abandono parcial cando o protagonizaba un correligionario, ou alguén que contaba coa protección dos notables, e por idénticas razóns aceptaban o abandono total, que mesmo podían propiciar para beneficiaren ao substituto ou para desfacérense de determinado mestre ou mestra. Pola contra, podían perseguir teimudamente un abandono puntual protagonizado por quen non se sometese aos dictados do caciquismo local.

En todo caso, o inspector confesa que instruíu no curso dun ano 47 expedientes gubernativos, cifra considerable para unha provincia que contaba a principios de século con algo menos de setecentas escolas públicas. E aínda que algúns obedecían “a intrigas de localidade”, os máis deles estaban debidamente fundados.

Por último, a autonomía do maxisterio no exercicio específico da función docente estaba limitada polas presións ambientais ás que se vía sometido, procedentes tanto das autoridades e notables locais como dos propios pais e nais de nenos e nenas, que pretendían decidir o que se debía ensinar e mesmo cómo facelo. E os mestres tiñan escasa capacidade de resistencia diante desas presións, debido á súa dependencia verbo de quen as exercía. Non dependían xa das autoridades locais para cobraren os seus salarios, incorporados recentemente aos presupostos do Estado, dándose así sa-

tisfacción a unha reivindicación amplamente compartida, nin tampouco para dispoñeren de vacacións, como acontecera nun primeiro momento, pero si para case todo o demais (licencias, situación da escola, casa-habitación, etcétera). Dependían tamén dos pais e nais, que podían retirar os seus fillos das escolas ou denuncialos alegando razóns diversas. Dependían dos notables, e nomeadamente dos cregos, aos que se lles encomendaba a tutela relixiosa das escolas. No fondo, os mestres tiñan aínda un carácter “local” e non “nacional”. Esta condición, a de “mestres nacionais”, acadarase paseniñamente, a medida que mellora a súa capacitación, retribución económica, respaldo estatal, consideración social, conciencia profesional e autonomía, proceso que coñeceu un importante pulo durante a II República.

e) *Miserias da escola privada*. Na súa viaxe polos dez concellos anteriormente reñados, o inspector ourensán atópase tamén con diversas escolas de carácter privado. Pola imaxe que delas se ofrece, axústanse ao perfil das “escolas de ferrado”: locais improvisados e de deficientes condicións hixiénicas e pedagóxicas, aínda que esta circunstancia tamén afectaba as públicas; inestabilidade (“o mesmo que se instalan hoxe desaparecen pasados uns días ou uns meses”); utilización de “procesos” (os nenos copian “imitando á perfección a letra de documentos públicos antigos”); e retribución en especie dos mestres (“soamente os que se dedican a gañar algunhas fanegas de millo ou de centeo poden prestárense a desempeñar ese papel”). Malia todas as súas eivas, contaban co respaldo dos labregos, tanto pola súa localización xeográfica como por acomodárense ás esixencias curriculares dos pais, que determinaban a extensión e intensidade das aprendizaxes dos seus fillos.

Semella, pois, que as “escolas de ferrado” tamén tiñan unha importante presenza en Ourense, por máis que as estatísticas oficiais rexistrasen un número moi reducido de centros privados nesta provincia.

f) *Baixas taxas de escolarización e asistencia*. O número de nenos e nenas inscritos nas escolas visitadas representaba aproximadamente a metade da poboación en idade escolar, e a asistencia rexistrada no acto de visita, cifra que segundo o inspector cómpre interpretar como máxima, unha cuarta parte. Estas reducidas taxas de escolarización e asistencia explícanse, en parte, pola insuficiencia e deficiencia da oferta, pero tamén pola escasa forza da demanda. De aí que nas conclusións se propoñan drásticas medidas punitivas para os que eludan os benéficos efectos civilizadores da institución escolar.

As 21 clases de adultos existentes tentaban instruír aos que non o fixeran durante a idade escolar. Cando o mestre puña interese no seu traballo, “a concorrencia é numerosa, nomeadamente en inverno”. Pero os concellos non sempre facilitaban o funcionamento destes centros, e en ocasións mesmo procuraban, por vías diversas, a súa clausura.

Deixemos xa que sexa Salvador de Juan y Ponsoda quen nos ofrezca, en texto traducido ao galego, a súa caracterización das escolas e dos mestres.